

Rimbaud, radical e moderno

Tamara Andrés e Oriana Méndez asinan unha nova versión de «As iluminacións»

X. FRAGA

REDACCIÓN / LA VOZ

«Son un inventor cuxos méritos difiren moito dos que me precederon». Con esta declaración Arthur Rimbaud (Charleville, 1854-Marsella, 1891) semella anticiparse á perdurable revolución poética iniciada con *Unha estación no inferno* e *As iluminacións*. A frase que constata a ruptura co anterior pertence a este último libro, que publica Kalandraka na súa colección *Tambo* nunha nova tradución a cargo de Tamara Andrés e Oriana Méndez.

Ambas poetas invocan ao escritor francés —«Cómpre ser absolutamente moderno»— na premisa que orienta a súa versión galega. Para elas, incardinarse nese ronsel de renovación consistiu «en ler a palabra de Rimbaud, nun primeiro momento, de xeito radical: é dicir, sen mediación de ningún tipo». «Unha lectura que sen dúbida responde a un tempo e a un espazo determinados, que non poden ser outros que nos nosos», amplían.

Xa que logo, Andrés e Méndez examinaron as diversas achegas que se fixeron a Rimbaud en diversos momentos da cultura galega, dende o inaugural Despois do dioivo de Vicente Risco en 1919, pasando por aproximacións de Lois Tobío, Delgado Gurriarán, Cunqueiro, Xoán Abeleira, Suso Pensado ou María Lopo, entre outros, sen esquecer ao vangardista Manuel Antonio. Son versións que tamén están presentes dalgún xeito neste traballo, que non esquece o seu contexto e tradición: «Quixemos que esta tradución achegase unha no-



Paul Verlaine e Arthur Rimbaud, nun detalle do retrato de grupo «Coin de table» [Recanto da mesa, 1872], un óleo de Henri Fantin-Latour.

va lectura do texto rimbaudiano, se cadra máis moderna, mais tamén unha nova reescritura dentro do espazo galego».

En que cifran, entón, esa modernidade dúas tradutoras e tamén poetas das xeracións máis recentes —Méndez naceu en 1984 e Andrés en 1992— da literatura galega? «Con Rimbaud inaugúrase o verso libre e a estética moderna. Encarna a figura de xenio poético, pois a súa escrita traduce unha cosmovisión

do mundo extraordinaria, completamente singular. Na poesía de Rimbaud hai beleza, abofé, mais tamén xogo metapoético, amor, caraxe, ironía ou crítica», debullan as tradutoras. «Hai, tamén, unha visión lúcida do mundo exenta de tempo, e unha resignificación do léxico cristián. A súa estética, desde que se inaugurou, foi referencia absoluta para todos os que viñeron (viñemos?) despois. Por lectura directa ou indirecta, as ideas, as formula-

cións e as imaxes de Rimbaud despréganse por todas as partes», engaden.

Esta versión de *As iluminacións* foi tamén un labor a catro mans. «Resumindo un pouco, traballamos os textos por individual e máis tarde puxemos en común as propostas. As dúas concordamos en que ese momento foi o máis substancial de todo o proceso. Había que poñer en diálogo dúas formas de ler o mesmo texto. Había que procurar, por así dicilo, unha sorte de lectura intermedia», falan as tradutoras sobre o seu proceso.

O papel da tradución

O libro chega, ademais, ás portas do 170.º aniversario de Rimbaud, unha efeméride que se presenta como unha «oportunidade para que o lectorado galego acceda unha vez máis, ou por vez primeira, á súa obra», convidan Tamara Andrés e Oriana Méndez. As tradutoras tamén chaman a atención sobre como o papel da incorporación de títulos foráneos ao sistema literario galego foi modificándose. Nun primeiro momento, «cumpría principalmente unha función prestixiosa da lingua. Neste contexto, trasladábanse case exclusivamente obras consideradas clásicas, e os transvases adoitaban responder a intereses ou gustos persoais», citan. «Agora, ao noso modo de ver, atopámonos nun estadio diferente: diversificáronse os tipos de obras traducidas (clásicas, contemporáneas e de diferentes xéneros) e multiplicáronse os obxectivos. Ademais, a tradución tamén é accionada —como no noso caso— por parte das editoriais», conclúen.

PARA LEER



«Trilogía»

Jon Fosse

Editorial De Conatus

164 páxinas. 16,90 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

El 2023 se fue pero dejó frutos hermosos como el escritor noruego Jon Fosse (Haugesund, 1959), un descubrimiento que facilitó la concesión del Nobel y que trataron de anticipar las editoras gallegas Beatriz González (Nigrán, 1967) y Silvia Bardelás (Vigo, 1967), responsables del sello De Conatus, cuyo catálogo se había adelantado acogiendo su obra antes del premio. Con dificultad la difundió en España hasta que la Academia Sueca, para sorpresa de casi todos, distinguió al autor de, entre otros títulos, *Trilogía*. Se trata de una novela muy especial, articulada en tres partes diferenciadas (*Vigilia*, *Los sueños de Olav* y *Desaliento*) que bien podrían funcionar como relatos autónomos y que presentan sus propios matices tonales. Fosse cuenta la historia de un amor adolescente, ocurrido en una época lejana en el tiempo, lo que le confiere como una página de leyenda. Asle deja embarazada a Alida, y entonces, reprobados, se quedan solos. La crueldad de un mundo hostil humillará la pureza de su relación y destruirá su ingenuidad al obligarlos a hacer cosas que no desean para poder sobrevivir, en su huida hacia la ciudad en busca de cobijo, de sustento e incluso de ayuda para que el pequeño Sigvald nazca con garantías. El delicado y repetitivo ritmo de la narración irá desgranando una luz distinta desde la esperanza angustiada de *Vigilia*, pasando por la implacable violencia de la sociedad —consciente de su obscena perversidad, rencorosa, no acepta a los virtuosos— de *Los sueños de Olav*, para cerrar el círculo en *Desaliento* con una suerte de segunda oportunidad (la calidez de la redención, aunque carezca ya de la potencia salvífica del primer amor). Se habla de un estilo de cierto parentesco musical con el de Thomas Bernhard, pero aquí, en este lirismo austero y trascendental, no hallará el lector el negro humor del austriaco. Ni falta que hace, la íntima poesía de Fosse crea un universo emocional único, ignoto, que uno desea ardientemente, con el aliento entrecortado, explorar.

Las «Iluminaciones» iluminadas por Miguel Casado y Frederic Amat

G. N. REDACCIÓN / LA VOZ

El sello Galaxia Gutenberg rescata la versión de las *Iluminaciones* de Rimbaud realizada por el poeta, crítico y traductor Miguel Casado (Valladolid, 1954), que además revisó para la ocasión, en una edición bellamente iluminada por la labor de interpretación del artista visual Frederic Amat (Barcelona, 1952), para quien la poesía ha sido siempre eje creativo y vocación vital como demuestran sus lecturas de Lorca, Cernuda, J. V. Foix, Octavio Paz o Mark Strand, entre otros. Sus imágenes luchan por captar lo que subyace al texto o, como el propio pintor matiza, su silencio originario.

En el caso de Miguel Casado —que viene de publicar en Tusquets la excelente reunión poética *Deseo de realidad*—, suele decir que si él mismo escribe es

por motivaciones que se resumen bien en el lema de Rimbaud *changer la vie* [cambiar la vida]. Es, por tanto, un autor al que tiene en altísima estima, aunque también tradujo la obra de otros vates franceses como Paul Verlaine, Charles Baudelaire, Stéphane Mallarmé y Bernard Noël.

Datada su creación entre 1873 y 1875, momento en que Rimbaud dio a leer el manuscrito a Verlaine, *Iluminaciones* no apareció hasta 1886 en la revista *La Vogue* (*Una temporada en el infierno* fue editado por él mismo en 1873). No publicó nada más. Dejó de escribir con apenas 20 años y marchó a Abisinia a probar suerte como comerciante (traficante). Volvió a Francia enfermo para morir a los 37 años. Tuvo una existencia fugaz pero muy intensa, plena de amor, violencia, libertad, deses-



Ilustraciones.

Asegura el artista visual Frederic Amat (Barcelona, 1952) que sus imágenes luchan por captar lo que subyace al texto o, como el propio pintor matiza, su silencio originario. Dado el resultado de su trabajo con las «Iluminaciones» de Arthur Rimbaud, puede pensarse que lo ha logrado.

GALAXIA GUTENBERG

peración y bohemia. Sobre esa radicalidad irredenta, el mito del poeta adolescente, fundó la modernidad de la literatura.

El director de Galaxia Gutenberg, Joan Tarrida, trabaja para

publicar toda la obra de Rimbaud, personaje sobre el que además hace unos días se estrenó la película *Splendid Hotel: Rimbaud en África*, dirigida por el realizador donostiarra Pedro Aguilera.